

# Cartafoli da LINGUA

BOLETÍN DO EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

Colligo, expurgat... ¿Innovat?

Moitos seguiamos con esperanza, dende hai varios meses os intentos do ILGA e dos colectivos de mínimos para pactar unha normativa non excluyente na que todos cedesen un pouco e todos saísemos gañando. Por iso a votación do 17 de novembro na cal a Real Academia Galega rexeitou as normas "da concordia" foi calificada de erro dende case tódolos sectores da nosa cultura.

Pero retrocedamos algúns anos. O conflicto das normativas provén do momento no que chega a hora de fixar as pautas gramáticas do galego. Entón un grupo de filólogos e intelectuais, dos cales o máis salientable e polémico caso foi Ricardo Carballo Calero (ou Carvalho Calero, se seguimos a grafía que el escolleu para o seu apellido), apostaron pola vía da reintegración no portugués. As teses reintegracionistas non gozaron de fortuna e os filólogos autores da normativa (do Instituto da Lingua Galega) apostaron por un galego supradialectal que busca as solucións no latín e na súa tradición literaria fronte á claudicación ante o castelán ou portugués. Por fin en 1982 publicáronse as normas definitivas que aceptaban dobles solucións nos casos máis peliagudos: na contracción da preposición e mais o artigo masculino singular ao/ó; posibilidade de representar ou non a segunda forma do artigo; dobrete nos sufíxos ería/aría, ción/zon.

As posturas reintegracionistas dividíronse entre mínimos e máximos de integración no portugués. E por moitos anos pareceu que se trataba de opcións irreconciliables.

E así foi ata que un grupo de filólogos do ILGA, na súa meirande parte autores da actual normativa (Henrique Monteagudo, Xosé Luís Regueira, Rosario Álvarez, Antón Santamarina e Francisco Fernández Rei), e as tres universidades co arbitrio da Asociación Sócio-Pedagógica Galega debatiron para unificar a normativa oficial e a normativa de mínimos. Destas xuntanzas cheas de traballo desinteresado e vontade de unificar saíron as normas de concordia. Pois ben, pese a que todos reconñeceron que as normas teñen moito de claudicación por parte dos mínimos, foron rexeitadas pola maioría dos académicos. Para explicar esta reacción (os motivos filolóxicos están descartados porque as normas non varían substancialmente) barállanse motivos diversos: que moitos académicos se sentiron excluídos do proceso (non esquecer o egocentrismo dalgúns académicos que senten a necesidade compulsiva de saír tódolos días nas páxinas de cultura dos xornais), o conservadurismo manifesto en materia lingüística dalgúns membros da RAG, *last but not least*, os consabidos motivos políticos...

A reacción de rexeitamento pola decisión da Academia foi praticamente xeral. Dende as principais editoriais ós promotores da iniciativa, todos falaron de erro e de oportunidade perdida. Outros foron más radicais, o poeta Manuel María falou de esgotamento da RAG e chegou a comparala co alcalde da Coruña. Precisamente os parabens á decisión procederon de Francisco Vázquez (ó que Manuel María calificaba de inimigo público da nosa lingua) e da Xunta de Galicia.

A nós tódalas opcións políticas merécennos creto, pero como Equipo de Normalización Lingüística non podemos deixar de lamentar que a fonética, a morfosintaxe e a lexicografía estean suxeditadas a tal ou cal tendencia política (a que fose).

O Equipo de Normalización Lingüística do IES de Mugardos



# USA Vs Bin Laden

O pasado martes 11 de setembro, asistimos en directo, e cheos de expectación, á retransmisión duns actos terroristas contra os Estados Unidos. Dous avións impactaron contra as Torres Xemelgas do World Trade Center de Nova York e, case de seguido, outro avión impactou nun dos laterais do Pentágono (máxima representación do poder do exército americano) en Washington. Algo máis tarde coñeciamos as novas do secuestro doutros dous avións, que impactaron pouco tempo despois nas cercanías de Camp David (residencia oficial do presidente dos EEUU en vacacións) e en Pensilvania. Nun principio descoñecíase a autoría destes atentados, o que provocou que moitas organizacións terroristas quixeran adxudicarse estas accións. Pero definitivamente foi Bin Laden (un multimillónario árabe) a que se lle atribuiron estes atentados-ainda que nun principio el o negaba rotundamente, pero sen condenalos, ás cámaras de TV Al Yazira-a raíz dunhas poucas probas. Tras asimilar o que pasara o martes 11 de setembro en EEUU, o mundo enteiro condenou rotundamente os atentados, mesmo os tradicionalmente considerados inimigos de EEUU coma Rusia ou Cuba. Mentre tanto, o país do Tío Sam puxo en marcha un amplo dispositivo diplomático co que involucrou a moitos países na súa peculiar batalla contra o terrorismo internacional, representado por Bin Laden, acollido e escondido polo réxime talibán en Afganistán.

Case un mes despois dos atentados en EEUU chegou a guerra a Afganistán. Os continuos bombardeos dos EEUU non parecían minar o ánimo dos talibás, a pesar da utilización contra eles de armas tan agresivas coma os misiles tomahawk, as bombas cortamargaridas (podes imaxinar de onde lles ven o nome?) ou as bombas de racimo (bombas que teñen no seu interior 300 pequenas bombas) que provocan moitas explosións no territorio onde estoupan. Algo do que se está a falar, e que se ten criticado, é dos erros que cometeu EEUU en Afganistán ó destruir, ¿por confusión?, dous centros da Cruz Vermella.

A partir destes acontecementos afianzouse a importancia de internet. Pola rede circularon todo tipo de informacións relacionadas cos atentados do marte negro, información que en moitos casos non era real, e para mostra un botón: nas moitas listas de desaparecidos entre os cascallos das Torres Xemelgas, estaban o nome do presidente do goberno, José M<sup>a</sup> Aznar, e o do seu antecesor, Felipe González.

Tamén circulaban por internet outras moitas novas, entre as que destacaba o nome de Nostradamus, coñecido polas súas predición catastróficas, ¿lembrais o derradeiro eclipse do milénio pasado? Pois ben, alguém tratava de demostrar que Nostradamus predecira o desastre. Para que ti decidas se as supostas profecías se corresponden ou non coa verdade, aquí teñes dousas cuartetas que circularon no seu día por internet:

No ano da nova centuria e nove meses,  
Do ceo chegará un gran rei do terror,  
O ceo arderá a corenta e cinco graos,  
O lume achégase á nova cidade.

A interpretación de moitas persoas desta cuarteta é: o ano da nova centuria é sen dúbida o 2001, os nove meses é o mes de setembro, o rei do terror que chega dos ceos son os avións, e os corenta e cinco graos pode ser a latitud de Nova York, aínda que en realidade atopase a 41° norte. O cuarto verso refirese sen lugar a dúbidas ás catastróficas consecuencias dessa chegada.

Cinco e corenta graos ceos arderá,  
Lume achegándose á gran cidade nova,  
Ó instante gran chama espallada saltará,  
Cando se queira de normandos facer proba.

A cuarteta ten claras connotacións co ocorrido en NY, aínda que desaparece calquera data, o segundo e o terceiro son moi significativos: os cinco e corenta graos pode que non se refira á latitude da cidade senón á inclinación en graos do impacto dos avións con respecto ó norte (dato que non foi examinado). O cuarto verso é o máis enigmático, sempre que non se queira interpretar como o extremismo islámico quixo poñer a prueba con iso ó home branco, ó normando, ó ario.

As explicacións das cuartetas son a esencia do que puxo por escrito Domingo Santos no libro: Profecías y revelaciones, libro da colección "Claves para un nuevo siglo" de La Voz de Galicia. Se aínda non estás asustado, ¿viches as imaxes nas que se di que se pode ver a cara dun demo?

Para rematar esta reportaxe, quero facer fincapé no cambio que está sufrindo a televisión no noso país. Todas as cadeas de televisión estatais están volcándose na guerra de Afganistán; os servicios informativos ocupan un espacio importante nesas canles, polo que non é difícil que a calquera hora oíamos

falar da guerra. Pero o cambio vai más aló, programas coma "Crónicas marcianas" adican parte do seu tempo a falar da guerra; "Sabor a ti" e "El diario de Patricia" interrompen a súa programación para facer conexións cos servicios informativos.

A esta altura da guerra temos que preguntarnos ¿quen ten a culpa?, ¿os talibás por tomar a xustiza pola súa man, ou EEUU por meter os súcios onde non deben?

Santiago Malvárez.



**Busca nas sopas de letras 10 nomes de enfermidades e 10 nomes de profesionais.**

M	E	L	T	S	A	C	S	I	D	A	D
E	L	G	M	S	T	A	D	Ñ	T	A	D
N	S	R	B	R	O	N	Q	U	I	T	E
I	A	I	L	S	T	C	S	T	D	T	S
N	D	P	T	S	F	R	S	T	A	B	O
X	B	E	T	I	F	O	L	T	S	A	R
I	H	E	P	A	T	I	T	E	B	D	R
T	X	A	R	A	M	P	O	N	D	S	I
E	S	C	L	E	R	O	S	E	D	N	C
D	T	U	V	L	Ñ	M	N	T	A	E	I

E	E	D	E	N	T	I	S	T	A	N	B	P
N	S	O	O	A	T	U	V	S	T	I	C	E
F	L	U	G	C	I	E	S	A	S	D	I	D
E	R	T	O	I	M	V	C	T	I	D	R	I
R	L	O	L	D	N	U	V	S	L	E	U	A
M	O	R	O	E	M	T	A	I	A	N	R	T
E	E	A	R	M	M	E	D	L	C	A	X	R
I	L	B	U	I	A	V	S	U	V	V	I	A
R	S	X	E	X	E	D	A	C	C	D	A	D
O	X	-	I	N	E	C	O	L	O	G	A	E

QUEN SE MOVA...  
SÁE NA FOTO

# O mundo en porcións

Os profesores coordinadores do proxecto *Por unha alimentación globalizada* propuxeron a tódolos cursos que fixeran un mural dunha parte concreta do mundo e os produtos alimenticios típicos desa zona.

A parte que nos tocou representar á clase de 3º A foi América Central e parte de América do Sur. O principio pasámolo moi mal, porque non sabíamos cómo facer para que o mural fose orixinal e, despois de darrle moitas voltas, decidimos comezar e que a cousa saíse como puidese.

Primeiro tivemos que calcular as proporcións para que a cousa quedara máis ou menos ben, aínda que despois, posto no seu sitio co resto dos murais, a cousa non encaixaba de ningunha maneira.

Mentres uns toleaban medindo e volvendo a medir, o resto buscamos os productos típicos da zona. Atopamos un montón de cousas raras que ó final decidimos non poñer e optamos por representar no mural cousas máis coñecidas coma o cacao, café, millo...

Unha vez que tivemos rematada a forma do mapa, pegámoslle papel de periódico pola beira para que quedara cun pouco de relevo, aínda que se cadra quedaba mellor sen el. Logo pintámolo con xiz de cores. O resultado foi que, ademais de pintar o mural, pintámonos nós. Esta operación houbo que repetila vinte veces, porque sempre había graciosos que pasaban por riba del e quedaba todo marrón. A continuación fixémos as divisións dos países e pegamos os alimentos.

Cando xa pensamos que acabaramos, vimos que o mar estaba cheo de café, azucre e de todo, e claro, como somos tan listos non se nos ocorreu mellor cousa que levantalo e sacudilo. Era tan gracioso ver cómo caía todo que un simpático comezou a darlle patadas e daquela si que caeu o que tiña que caer e o que non, ¡que falta de coordinación! E outra vez volta a pegar todo de novo.

Para rematar, puxemos un cartel en cada país co seu nome e tamén algunha palmera, barcos e casas.

O más difícil foi levar o mural para o patio: no proceso despegáronse a mitade das cousas e caeron por aí. Cando conseguimos colocalo no lugar que lle correspondía, decatámonos de que aquello non encaixaba por ningún lado.

Ó final, tanto traballar, tanto pegar e tanto pintar para nada, porque nós nunca gañamos o premio, pero, como sempre din os que non gañan: o importante é participar.

Amantia Martínez 3º ESO A

# O REPORTEIRO LINGORETEIRO

## Unha viaxe con anécdota

O pasado mércores 7 de novembro, os dous grupos de 3º e 4º da ESO fomos a Santiago a ver unha obra de teatro, titulada *Abbadón*. Non era unha obra de teatro tradicional, pois estaba baseada en chistes e trucos de maxia, pero cun sentido lóxico co que se nos quería transmitir que a literatura non só consiste en ler, ler e só ler nos libros, senón que tamén se pode representar de moitas maneiras.

A obra representábase no Teatro Principal, un teatro moi bonito, aínda que pequeno, con galiñeiro e todo. A obra resultou moi amena e divertida e todos, é dicir, o público, eramos quen de participar nos distintos xogos que nos amosaban. A verdade é que foi todo un éxito.

O rematar a obra tiñamos que volver todos ó autocar, pero houbo xente que se quedou firmando no libro, outra no servicio, outra nas verzas...en fin, un auténtico despanzurro. Ó chegar ós autocares, os mestres víronse nun apuro, xa que á hora de contarnos, faltaban nada máis e nada menos que cinco alumnos (por certo, moi formalíños os cinco). Para complicar máis a cousa, Santiago de Compostela estaba ese mesmo día invadido de xente debido ás manifestacións universitarias contra a LOU.

Ó final, unha das profesoras non tivo máis remedio que ir en busca dos desaparecidos; e entre tanta angustia e tanto nerviosismo, houbo tamén boa sorte: os que estaban nas verzas apareceron e, por sorte, todo quedou nun susto.

Para rematar, queremos dar un consellín: en casos así cómpre andar un pouco máis espilido.

Tamara Varela e Mayte Blanco 4º ESO B


## Unha boa experiencia

O día 14 de novembro, os alumnos de bacharelato acudimos a Santiago de Compostela á obra de teatro de Ramón Otero Pedrayo titulada *Rosalía*. A representación corría a cargo do Centro Dramático Galego e entre os actores podemos destacar a María Barcala, interpretando a Rosalía, Xulio Lago, como Manuel Murguía, Alfredo Rodríguez, como Álvaro Anido.

A obra estaba baseada na vida de Rosalía de Castro: o trauma do seu nacemento ilexítimo, que a acompañaría toda a súa vida, a relación cos mozos intelectuais do seu tempo en Compostela, a súa estancia en Madrid, onde casa con Murguía, a saudade pola súa terra e a identificación solidaria co pobo galego de que chega a ser, para sempre, a súa voz lírica por excelencia.

É unha obra digna de ver e recomendámosvos que vaiades cando a representen por esta zona, seguramente no Auditorio de Narón.

Alumnas de 2º de Bacharelato



## Y tu mamá también

Despois da excelente película *Amores perros*, premiada nos festivais de Cannes, Chicago, Edimburgo, o novo cine mexicano volve a dar outra grata sorpresa con *Y tu mamá también*.

A película que hoxe comentamos recibiu moitos eloxios e algúns que outro galardón, coma o premio Marcello Mastroianni ó mellor actor xove, neste caso Gaël García Bernal e Diego Luna, na pasada mostra de Venecia.

A pesar do recoñecemento internacional, vén precedida por unha gran polémica, sobre todo en México, provocada polas mínimas escenas de sexo, feito que non impidiu que fose un gran éxito en taquilla. En realidade esta non é unha película de sexo, como se pretendía facer crer en México, que coma a maioría dos pobos latinoamericanos vive de costas á realidade, e cando se mostra na pantalla escandalízanse e renegan de todo iso indignados.

A película retrata a xuventude mexicana que, coma todo fillo de veciño, mostran as preocupacións propias da súa idade. Entra no xénero da *road-movie*; os protagonistas son dous mozos ansiosos por alcanzar a madurez, Julio e Tenoch, que coñecen a Luisa, unha española de 28 anos á que invitan a emprender unha viaxe en busca dunha imaxinaria praia mexicana, Boca del Cielo. No camiño, os personaxes descubrirán cousas sobre si mesmos que non viran xamais, establecendo un particular xogo a tres bandas que marcará o transcurso da historia.

O trato sen tapuxos, sincero que se lle dá a algúns temas considerados tabús, e a forma en que se nos descobre un México incrivelmente fascinante, a pesar de todas as súas contradiccións, é o principal acerto deste filme de Alfonso Cuarón (coñecido tamén polas súas películas *Sólo con tu pareja*, que foi un éxito fulminante, e a fallida *Grandes esperanzas*, feita maioritariamente para lucimento de Gwyneth Paltrow).

Entre os protagonistas, está Maribel Verdú, ó meu parecer nunha das súas mellores interpretacións (sen esquecer *La buena estrella*), Gaël García Bernal (descuberto en *Amores perros*, e que pronto veremos en *Vidas privadas* de Fito Paez xunto a Victoria Abril e Penélope Cruz), e Diego Luna (ó que puidemos ver nun pequeño papel en *Antes de que anochezca* xunto a Javier Bardem e pronto en *Frida* con Salma Hayek).

Se despois de ler isto vos pica a curiosidade, aconséllovos que non o dubideades e vaiades a vela. ¡Non vos arrepentiredes!

Ademais da película aconséllovos a súa B.S.O. que xa é disco de ouro e conta con grandes artistas coma Natalie Imbruglia, Eagle Eye Cherry e os sempre polémicos Molotov entre outros.

¡¡QUE A DISFRUTEDES!!

Noemí Iglesias 2º Bacharelato

## Todo Música

Rematado o verán, ainda seguimos a escutar, cantar e bailar as alegres cancións que se fixeron famosas neses meses.

Un bon exemplo é a que nos interpretan Sonia e Selena *Yo quiero bailar*, que abofé que nos fixo bailar dabondo e, por certo, quedei bastante cansada.

Outra, coma *Mayonesa*, cumpliu o que dicía a súa letra: *ella ma bate como haciendo mayonesa*, e a nós deixounos o corpo ben batido co seu ritmo.

Agora ben, vou falar un pouco dos guapiños, os que nos gustan ás adolescentes, e ás que non o son tanto tamén: un deles é o representante de España na Eurovisión, David Civera, e a súa canción a ritmo de salsa *Dile que la quiero*; ou Victoriano Raúl coa súa canción *Prohibida* e a romántica *Con un bolero*. Tamén hai que destacar ó cantante latino Carlos Baute que case á fin do verán quitou un disco moi movido e, áinda que noutro estilo, La Oreja de Van Gogh segue a escoitarse despois do verán. Cómprale destacar así mesmo o traballo de Manu Chao no seu disco *Próxima estación, esperanza* que, como el mesmo recoñece, non reúne as condicións habituais dos demás grupos e vai dirixido á minoría.

Imos falar agora do novo disco que sacou Rosana, que leva por título o seu mesmo nome. É un disco moi emotivo que paga a pena escutar.

No terreo dos novos discos que están a saír, vou destacar un par deles: o de Mónica Naranjo e o de Enrique Iglesias.

Para rematar, queremos comentar cómo as accións de terrorismo do 11 de setembro influíron no mundo da música; artistas que estaban nominados ós Grammy, optaron por suspender o acto de celebración do premio en sinal de protesta polo atentado. Entre os artistas citaremos ós españoles Alejandro Sanz, Ella baila sola, Estrella Morente e Vicente Amigo.

Luz Mª Freire Varela 4º ESO B

Este ano volven ó panorama musical os irmáns Muñoz, Estopa, co seu novo disco *Destrangis*, despois de ter un grandioso éxito co seu anterior álbum. Neste novo disco podemos atopar cancións de estilos diversos con respecto ó anterior. O título do seu primeiro single, que xa se está convertendo en todo un éxito é *Partiendo la pana*.

Seguen no candeleiro unha serie de cantantes dese tipo de música comercial que se escuta durante todo o verán e agora aproveitan para seguir promocionando cancións dos seus discos: Raúl, David Civera, Melody, Papá Levante...

Como cada ano, e este non ia ser menos, coa proximidade das festividades navideñas, saen ó mercado publicacións masivas dos "Grandes éxitos" entre os que poderemos atopar música para tódolos gustos coma: Sting, Laura Pausini, The Corrs, Ricky Martin, Farth Hill, Madonna, All Saits, Ella baila sola, Backstreet boys...

Ó mesmo tempo, Michael Jackson, Kylie Minogue, Lenny Kravitz, Presuntos Implicados, Britney Spears, Enrique Iglesias e Shakira cos seus novos discos vanse afianzando pouco a pouco nas posicións más elevadas das listas de ventas.

Noelia Casteleiro



# Fauna e flora dos institutos

O estudiante é sen dubida un dos mamíferos máis singulares da orde dos primates, especialmente pola súa natureza evolutiva. Hoxe sabemos que experimenta dúas metamorfoses ó longo da súa vida:

Aparece primeiro como escolar (*pavus ineptus*), que se caracteriza por que habita nas escolas e por unha estraña familiaridade coas demais especies do ecosistema (mestres...). Ó chegar ós 12 anos sofre unha cómoda transición ata o estado de ESO-Bacharel (*ineptus adulescens*), que habita en institutos, e aquela familiaridade coas demais poboacións convértese en medo ou predación mutua e, por último, o estudiante sofre unha metamorfose moito más dura e brusca que, en dous ou tres días (denominados selectividade), transforma o ESO-Bacharel en Universitario (*maxime ineptus*); destaca por ser visible en universidades e polo seu innato sentimento de superioridade.

Nesta ocasión centráremos no ESO-Bacharel por conter maiores peculiaridades á hora do estudio cás outras subespecies. Como xa se comentou habita en institutos. Ali divide o seu fogar entre os bancos dos patios e as mesas das aulas, onde constrúen un lugar agradable mediante pinturas e litografías con símbolos deportivos ou musicais. A época de celo desta especie alóngase durante todo o ano, chegando ó seu clímax, segundo recentes traballos das estudiosas Sonia e Selena, nos meses do verán. Isto maniféstase de distintas formas segundo o individuo, pero sempre coa mesma inescratabilidade (menos do 1% consegue parella no estado de ESO-Bacharel); se por casualidade un especímen logra captar a atención dunha femia os hábitos deste cambiarán por completo deixando á marxe o grupo de machos onde creceu e comezando unha vida en solitario xunto á súa parella.

O estudiante é un animal nocturno, durante o día móstrase nugallán e protestón, pasando a maior parte das horas de insolación dormindo sobre calquera superficie (mesas, cadeiras ou o mesmo chan).

A alimentación do estudiante divídese en tres bloques principais:

- "gusanitos", "Jumpers" e millos, aporte de hidratos de carbonos para o seu organismo.
- Regalices, "tronquis" ou caramelos, fonte de glicidos.
- Bocadillos en tódalas súas peculiaridades, que subministran lípidos e hidratos de carbono.

Como se pode observar, non aparecen a penas vitaminas e proteínas. Isto vén dado porque o estudiante non as necesita, xa que tódalas reaccións do seu organismo funcionan co alcohol que adquiren durante a fin de semana.

A sociedade estudiantil caracterízase por un sistema rómbico, situando na parte superior os "Guais", na zona baixa os "Pringaos" e no centro (a división de maior poboación) o estudiante medio. Esta estructura pone de manifesto á hora do traballo coa chamada "cadea do estudiante": o traballo é feito polas clases baixas ou "pringaos" e pasa directamente ás clases más altas ou "guais" que copian o traballo. Posteriormente este traballo será distribuído entre toda a poboación e copiado polos interesados. Esta estructura non é ríxida xa que é posible pasar dun nivel a outro facilmente; para ascender de nivel só é necesario comportarse como un dexenerado e repetir frases coma "eu son máis chulo que ningún" ou a popular "eu paso" acompañada con muletillas como "tlo", "pavo" ou "tronco"; mentres para descender de nivel (feito moito mais inusual) basta con que o estudiante madure un pouco. Moitos ESO-Bachareis pasan toda a súa vida no paso entre "estudiante medio" e "gui" sen conseguir nada. Isto débese a que áinda que ti queiras, a túa consciencia non logra chegar ó punto de imadurez deseñado.

A filosofía desta especie céntrase en dúas grandes correntes: os estudos de Murphy e a súa máxima, "todo o que vai mal, pode ir peor", e as leis do mínimo esforzo.

Por último, quixeremos deixar no aire unha pregunta que polo de agora ningún científico pudo resolver: ¿O estudiante nace ou faiise?. Segundo a miña visión, o estudiante está na terra porque para que algo sexa perfecto debe conter algúna imperfección.

Daniel Castro

# Sobre Luís Pimentel

O poeta Luis Vázquez Fernández (1895-1958), que asinou os seus poemas e pasou á posteridade (discretamente) como Luis Pimentel, naceu en Lugo e all pasou a meirande parte da súa vida. Lugo, como un inmenso cadaleito no que o poeta decide pecharse, para sumerxirse só na dor.

Antes de que a vida e a guerra pulsasen con truculencia o seu ánimo, Luis Pimentel estudiou para médico (e da medicina viviría) e participou nalgúns empresas artísticas da xuventude de entón coma a mística revista Roncel. Nesta revista comezou a publicar os seus primeiros fragmentos de prosa poética (que se titularían *De mi "Tagenbuch"*), que pronto evolucionarían cara ó seu particular estilo literario. A formación intelectual do mozo Pimentel nestes anos das vanguardas é moi importante, toda a súa obra estará influenciada polos novos movementos estraneiros (o surrealismo, por exemplo, é sempre referencia inexcusable na súa obra) e, dentro da poesía española, será capital o descubrimento de Juan Ramón Jiménez e a Xeración do 27 (a algúns dos seus membros chegará a coñecelos durante unha estancia en Madrid para doutorarse). Trala súa formación, Pimentel establecese en Lugo definitivamente e, durante a enservescencia cultural da Segunda República, vai publicando paseadamente os seus poemas en revistas coma Resol ou Galiza.

Entón chega a guerra e toda a cruidade e a violencia fan impresión indeleble na alma de Pimentel. Á terrible atmósfera de represión que se vive en Lugo súmase a decepción persoal que supón a perda do seu poemario *Diario dun médico de garda* no saqueo á editorial Nós, a cal estaba a punto de editar. Na mesma situación viuse por entón o seu amigo Ánxel Fole, a súa novela *Auga lizgaita* perdeuse sen deixar rastro no saqueo á editorial santiaguesa.

Despois da guerra seguirá enclaustrado no seu Lugo, traballando nos seus poemas incansablemente e facendo tertulia con bos amigos que sentían fonda admiración cara a el coma o intelectual Ramón Piñeiro, o filósofo Celestino Fdez. de la Vega ou os escritores Ricardo Carballo Calero e Ánxel Fole. Salvo algunas estancias estivais na comarca das Mariñas, segue a súa vida normal e discreta ata que o 13 de xaneiro de 1958 unha crise coronaria levouno á cova.

A súa obra merece, antes que calquera outro, o calificativo que lle outorgou Ramiro Fonte de misteriosa. Misteriosa porque, salvo algúns poemas en revistas e o folletín de oito poemas *Triscos* (1950), a publicación da súa obra levouse a cabo despois da súa morte e, por tanto, non contaron cunha revisión do autor. (Os poemarios en cuestión son, en galego, *Sombra do aire na herba*, editado en 1958 por Galaxia, e, en castelán, *Barco sin luces*, editado en 1960 con prólogo do ilustre filólogo e crítico -e mediocre poeta- Dámaso Alonso. O segundo deles, por ser unha obra en castelán e por desconecemento, non nos referiremos e deberá entenderse que a nosa valoración da obra de Pimentel guíase exclusivamente polas impresións que tiramos de *Triscos* e *Sombra do aire na herba*. De todos modos sospeitamos que o poemario castelán non garda grandes diferencias estilísticas cos galegos (e ademais, como veremos, considerar as obras publicadas en galego como totalmente galegas sería un tanto inexacto). Por tanto, para nós, a publicación póstuma das súas obras capitais deixa un tanto coxo o legado de Pimentel. Dótalo, en calquera caso, de moita lenda como sucede con outro dos nosos poetas: Manuel Antonio. Outro aspecto nada anecdótico é o da lingua na que Pimentel compuxo os seus versos. Sobre este tema parece constatado que o noso autor escribiu moitos dos poemas dos seus libros galegos en castelán e amigos coma Fole ou Piñeiro encargáronse de traducírllos.

Saindo destas consideracións más ou menos circunstanciais, o verdadeiro misterio dos seus versos brota do seu estilo. Estilo particularísimo no que os silencios e as cousas non ditas outorgan ó seu mundo unha atmosfera onírica na que o terrible, a dor, está agochada, segreda, traílla porta; non a vemos, pero percibimos a súa presencia.

Capítulo aparte merece a súa versificación, non atenta a regra de musicalidade tradicional. Non atopamos apenas rastros de paralelismo e a rima é totalmente inexistente. Verso branco, libre e case sempre curto, cun persoal sentido do ritmo e a construcción do poema.

A obra de Pimentel parece afastada das correntes dominantes na lírica galega da primeira posguerra: o intimismo clasicista (Carballo Calero, Iglesia Alvariño) e a explotación de vetas xa esgotadas da preguerra (neotrovadorismo, imaxinismo). Os que recollerán o surrealismo onírico e escuro de Pimentel serán os autores da bautizada por Xosé Luis Méndez Ferrín coma "Escola da tebra", dentre os que cabe destacar a dous membros da xeración posterior á guerra, Luz Pozo Garza e Manuel Cufia Novás, e ós mozos que comenzaron a publicar nos cincuenta, a Xeración das Festas Minervais. Estes últimos reivindicaron moi conscientemente a Pimentel coma un dos grandes da súa xeración (á altura de Manuel Antonio e Amado Carballo) a través de artigos no xornal *La noche*, traballos académicos e a través de poemarios coma: *Muiñeiro de brétemas* (Manuel María), *Voce na néboa* (Xosé Luis Méndez Ferrín), *O que se foi perdendo* (Ramón Lorenzo), *Poema do home que quixoa vivir* (Bernardino Graña), *Entre o si e o non* (Xosé Luis Franco Grande) ou *Ácole-lado na esperá* (Xosé Alexandre Cribreiro).

Noel Blanco

# COLABORACIÓNS DE LUZO

## Paraísos artificiais

Pasen e vexan, señoras e señores, pasen e vexan o maior espectáculo do mundo, o mundo por fin convertido nun espectáculo. Tantas promesas, tantas visións entusiasmadas do paraíso... tantos delirios de grandeza que poden acabar por aplastarnos.

Porque qué senón un delirio pode producirnos a sensación de ter o mundo enteiro nas nosas mans, calquera cousa que queiras saber ou mercar, calquera recanto do planeta que queiras visitar, calquera persoa coa que queiras falar, todo de inmediato ó noso alcance, sen saír da casa. Enganchados ó hiperespacio. Mientras que o espacio "real", ese do que falan as xeografías, se convierte nun resto arqueolóxico observado coa mesma curiosidade que suscitan os bailes rexionais: si, moi bonito, pero que acabe canto antes.

Mesmo a nosa identidade acaba por perder a súa consistencia: non só podemos ser quen queiramos -encarnar virtualmente calquera identidade- senón que tal ven ser a única posibilidade de existencia. Ou estás na rede ou non existes. Igual que non parece ocorrer de verdade o que non sae na tele. Só ocorre o que se converte en "news", só existe o que se pode reducir a "bites", e fóra diso só queda unha realidade tristemente insuficiente. Pasto de "fast food": algo que debe consumirse rápidamente, antes de que pase de moda, porque o importante é sobre todo esquecer...

O que queremos é parecernos ás máquinas: poder conectar-nos e desconectar-nos a pracer. E cando os implantes electrónicos permitan sustituir en nós a necesidade dun movemento autónomo, entonces fundirémonos gustosamente coas máquinas e por fin seremos felices. A quintaesencia das píldoras contra a depresión, o summum do pracer: elixirnos coma nun catálogo, programarnos a capricho, facernos totalmente de novo. Vivir nun paraíso clónico -e quizás tamén nun paraíso fiscal. Artellando artifícios contables para sostener a ficción dunha boa vida artificial.

Todo iso pode ocorrer, non o dubidedes. Só se precisa unha cousa: non levantar a vista da pantalla. Porque todo se xoga na súa superficie: sen profundidade, sen unha memoria que non poida tamén desconectarse. Por fin, o así chamado "tempo real". E xa non haberá nada que comprender, tan só ver: un novo tipo de éxtase.

O mundo enteiro nas nosas mans, nós mesmos nas nosas mans... pero ¿de quen son as nosas mans? Unha hidra de sete cabezas, a habitante perfecta do paraíso.

Juan Carlos Fernández Naveiro



### AS POZAS DO CAMPO DE FÚTBOL

¡MAIS SE NOS  
CAEU NA POZA  
PODEMOS ESQUE-  
CERNOS!  
SÍ, EU A ÚLTIMA  
VEZ QUE COLLÍN  
UN BALÓN DA POZA  
CASE AFOGO  
...

¡POIS EU SEN  
TRAKE DE MERGU-  
LLADOR NON ME ME-  
TO AÍ DENTRO  
...



Tevi



# O Cartaío recomienda

## UN DISCO:

De seguro que non coñecedes (ó menos, a maioría) a un grupo alucinante dunha localidade moi preto de nós. Estámonos a referir a IRIADONA. De feito, son de Pontedeume, ¿a que non o sabiades?. O grupo formábanse sete amigos que proceden de universos musicais tan diferentes coma son o pop, o rock ou o folk. O seu único disco (do mesmo nome), dá nova vida ó acervo da música tradicional galega. A mestura dos xenuinos sons da nosa terra e a instrumentación contemporánea, define os sinais de identidade e compromiso de IRIADONA. Está considerada unha das bandas de culto máis resistentes do folk galego. Aínda que xa non existe como tal, o seu disco está aí. Xa sabedes...! Animádevos a coñécela!

## UNHA VIAXE:

¿Gustaríavos coñecer toda Europa? ¿A que é unha oferta bastante tentadora? Pois, aínda que non o pareza, non é tan difícil como parece. Existe unha forma barata (que é o más importante), para que os xoves poidan facelo. Trátase do INTER-RAIL. ¿Coñecíadelo? Consiste nunha pasaxe coa que se ten acceso a toda a rede ferroviaria europea. ¿Imaxinádelo? Amsterdam, París, Praga, Berlín... ¡E por poucos cartos! Ah! e ademais diso, podedes saca-lo carné de albergues xuvenís e...i xa tende-la viaxe resolta! Aínda que...mellor dito, a cousa non é tan fácil. A maioría de idade e os pais de cada un tamén os haberá que ter en conta, ¿non?

## UNHA PELÍCULA:

"Querido diario" de Nanni Moretti. Cando nos referimos ó cine comprometido normalmente vénennos á cabeza dous tipos de película: a primeira é a denuncia que renuncia a calquera clase de decoro ou sensibilidade para mostrarnos unha realidade durísima de miseria humana, que nos acaba dando ganas de saltar dende a ponte máis cercana; ou a denuncia supermilitante e intelectualoide, a cal normalmente remata cun cambio de canle. Reconfórtanos a mirada do actor cómico (aínda que afrontou papeis dramáticos como o do filme de Mimo Calopresti "A segunda vez" ou na súa recente "A habitación do fillo") e director italiano Nanni Moretti. A súa mirada en toda a súa obra, que goza de grande popularidade no seu país, tinxese da súa ideoloxía persoal (de irreductible esquerdismo) que se manifesta na película. A película estructúrase en tres capítulos. No primeiro pasea coa súa vespa polas rúas de Roma e danos conta da súa abominación dos críticos de cine, do seu gusto polos edificios vellos ou da súa obsesión polo baile e a película "Flashdance". O segundo narra o seu singular viaxe polas illas italianas acompañado por un estudioso de Joyce que remata enganchado ós culebróns. O terceiro é sobre a súa peregrinaxe por distintos médicos de Roma.

## UN LIBRO:

"A conxura dos necios" de Jonh Kennedy Toole. Imaxidánevos unha mestura de Torrente, D. Quixote e Sto. Tomás de Aquino vivindo nunha cidade desquiciada e desquiciante coma Nova Orleans, atiborrándose de porculladas para comer e que, entre memorables ataques de flato, enche sen descanso delirantes cadernos nos que arremete contra Freud, os homosexuais, os protestantes e tódalas "abominacións do mundo moderno". Benvidos ó mundo de Ignatius J. Reilly, un dos personaxes cómicos por antonomasia da literatura contemporánea.

A novela está narrada ó modo do Quixote: unha sucesión de aventuras surrealistas desempeñando oficios (vendedor de salchichas ou encargado do arquivo nunha empresa), nas que se relaciona coa estudiante Myrna Minkoff, que pensa que Ignatius precisa dunha boa dose de sexo, unha ridícula bailarina de striptease chamada Darlene ou dun grupo de homosexuais que celebran unha festa.

Esta festa incontrolada só queda ensombrecida nun punto: o seu autor suicidouse en 1969 sen que nos quedasen máis libros seus. Así, "A conxura dos necios" produce a insatisfacción da magnífica traxectoria que pudo ternos ofrecido o seu autor.

Bea Fernández e Noel Blanco



Quixería presentaros brevemente o Departamento de orientación. ¿sabedes onde está?, pois ó lado de Dirección, á entrada do instituto. O orientador, é decir eu, chámome Pablo. A función do Departamento é colaborar cos titores/as para axudar ós alumnos/as que teñan dificultades de aprendizaxe e tamén da orientación sobre as distintas opcións académicas e saídas profesionais. Presta estes servicios ós pais, ós profesores e por suposto ós alumnos/as. Podedes facer calquera consulta durante os recreos, nas gardas ou de acordo co tutor en calquera hora que acordedes. É un departamento máis do centro e os profesores que o integramos estamos abertos ás vosas sugerencias. Temos previsto organizar cos alumnos/as de 2º de bacharelato unha visita a un campus universitario e que os alumnos/as de 4º de ESO visiten un instituto con ciclos formativos.

Antes de comezar este artigo, nosoutros, os vosos representantes no consello escolar, queremos dá-la benvida tanto @s alumn@s máis novos coma @s que xa sodes algo máis veteran@s.

Xa sabemos que durante algún tempo estivestes algo á marxe de todo o que se falaba no consello, pero esperamos que a partir de agora, gracias ó sitio que moi amablemente a dirección do instituto proporcionou (despois de moita insistencia pola nosa banda) @s delegad@s, poidamos atender as vosas peticións, suxerencias, críticas e demais reivindicacións que se vos poidan ocorrer, da mesma forma que vós tedes que escucha-las dos demás componentes do consello. Con todo isto queremos dicir que estamos á vosa disposición e que non dubideades en avisarnos ó menor problema que teñades, intentaremos buscar unha solución que sexa do agrado de todo o mundo.

E unha vez dito isto, imos ó tema principal do artigo: como ven sabedes, en Mugardos - Ares, non hai ningunha posibilidade de formación ó sairmos do instituto. E de acordo coa inquietude que suscita este tema, dende o claustro de profesores propúxosenos unha alternativa:

- Solicitar a implantación en Mugardos da FP:
  - Técnico en operacións de cultivo acuícola (grao medio)
  - Técnico superior en producción acuícola (grao superior)

¿Os motivos polos que fixeron esta proposta?

Ademais da

necesidade de ter en Mugardos algúnhha opción de estudos despois da ESO ou bacharelato foi polos seguintes motivos:

-As óptimas condicións naturais coas que conta a ría de Mugardos e Ferrol.

-A falta de traballadores formados neste sector.


-O día no que don Manel Fraga gañou as eleccións na TVG dixo que había que potenciar o sector acuícola pois de el dependía a alimentación do futuro.

-A necesidade de contrarrestar co uso adecuado do medio ambiente o impacto da Regasificadora.

-A existencia en A Graña do Centro de Estudios Marinos que podería supervisar e aconseillar.

¿Parécevos pouco? A todo isto podemos sumar: Ile que serfa o segundo sitio en toda Galicia no que existiría esta FP (o primeiro está no Grove). Por iso se nos pediu a vosa opinión. Así que dende aquí vos pedimos que pensedes un pouco non só no voso futuro, senón tamén no de Mugardos e no do seu instituto.

Luisa, Basilio, Noel e Rafa (representantes no consello escolar)



**CARNEIRO:** Un bonito paseo colidos da man polo parque... ¡Céntrate no libro que ainda vas caer no estanque dos patos!



**TAURO:** Gañarás un encontro decisivo. ¡Evita que sexa no instituto!



**XÉMINIS:** Ese rapaz non está a chiscarce un ollo, é que ten un tic nervioso.



**CANGREXO:** Mil pretendentes pero non queres nada serio. Es unha laverca: máis vale paxaro na man ca cento voando.



**LEO:** Estarás doente con todos debido ós exames. Reláxate ou ó final acabarás no zoo.



**VIRGO:** Este mes non pillarás nin a gripe. ¡Dedícate a durmir!



**BALANZA:** Abandona esa idea de cantar nun coro, o que se leva é o cutre-popstar.



**ESCORPIÓN:** Por máis que a dependenta louve a túa figura, non debes mercar esa saia sen contar con outra opinión.



**SAXITARIO:** Non vais ver esa película; mellor aforra os cartos.



**CAPRICORNIO:** Esa rapaza coa que saes agoira bos tempos. A fogosidade verase reflectida en actos irracionais.



**ACUARIO:** Non remexas no video club. O libro do exame non ten versión cinematográfica.



**PISCIS:** Recorda que te prometiches a ti mesma non comer máis ca dúas caixas de polvoróns... e tres tabletas de turón, e uvas pasas, e mazapáns...

Textos: Sonia Dapena e Noelia Casteleiro  
Deseños: Javier Castro